1.- ACTIVIDADE ECONÓMICA. Concepto.

2.- TIPOS DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS

3. AXENTES ECONÓMICOS:

3.1. Empresas

3.2. Estado

3.3. Consumidores

4. FACTORES PRODUTIVOS.

4.1. Recursos naturais.

4.2. Traballo

4.3. Capital

4.4. Tecnoloxía

5.- SISTEMAS ECONÓMICOS

5.1. Sistema económico de subsistencia

5.2.Sistema económico planificado

5.3. Sistema de libre mercado ou Capitalismo

5.4. Sistema mixto

6.- INSTITUCIÓNS E INDICADORES

7 . AS GRANDES ÁREAS ECONÓMICAS.

1.- ACTIVIDADE ECONÓMICA. Concepto.

A palabra **economía** procede das palabras gregas oikos (casa) e nomos (administración): administración da casa ou do patrimonio. Poderiamos definila como a ciencia que estuda aquelas procesos cos que o ser humano satisfai as súas necesidades mellorando, así, as súas condicións de vida.

Pola súa parte, a **actividade económica** é o conxunto de actividades de produción e intercambio que o ser humano pon en práctica para satisfacer as súas necesidades. O primeiro obxectivo sería cubrir as necesidades básicas, tales coma o alimento, o vestido, a vivenda, …) para logo cubrir as non básicas (por exemplo, o ocio,…)

O progreso económico e a evolución das sociedades na Historia foi facendo que as necesidades do ser humano tivesen tamén unha evolución. Poderiamos concluír que no mundo contemporáneo a educación, o desfrute do tempo de ocio ou mesmo ter un móbil ou un ordenador son necesidades básicas ou non? A resposta sería a mesma nun país europeo ou noutro da África subsahariana?

Coas actividades económicas obtemos:

- ✓ **Bens:**_ produtos materiais, tanxibles e cuantificables coma alimento, vestido, vivendas, libros, … Podemos distinguir entre:
  - **Bens de equipo ou produción**: máquinas , ferramentas,… que se empregan para fabricar outros bens.
  - **Bens de consumo**: roupa, alimentos, automóbiles, libros,… é dicir, bens que van ser utilizados directamente polo consumidor unha vez están á súa disposición no mercado (comercio)

- ✓ **Servizos:** produtos inmateriais, non tanxibles e non acumulables, tales coma educación, sanidade, transporte, seguridade, comercio ….

2.- TIPOS DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS

A. **De Produción** : obteñen bens e servizos (agricultura, industria, pesca, …)

B. **De Distribución:** poñen eses bens e servizos producidos á disposición do consumidor (a comercialización: compra-venda no mercado) P.ex: transporte, comercio,…

C. **De Consumo:** o consumidor adquire (merca) e fai uso dos bens e servizos.

3. AXENTES ECONÓMICOS:

Os axentes económicos son todos aqueles actores que interveñen na economía nalgunha das súas funcións: produción de bens e servizos, distribución dos mesmos e consumo. Tres son os axentes económicos:

3.1. Empresas

As empresas son as unidades básicas da economía que se adican á produción e distribución dos bens e servizos, co obxectivo de obter beneficios (empresas privadas, que poñen á venda os bens e servizos producidos tendo en conta os custos de produción) ou con fins sociais (empresas públicas) Podemos clasificar as empresas segundo:

- **O tamaño:**
  - Pequenas: menos de 50 traballadores
  - Medianas: ata 250 traballadores
  - Grandes: máis de 250 traballadores
- **A propiedade:**
  - Sociedades Limitadas (SL): un ou varios propietarios
  - Sociedades Anónimas (SA): a súa propiedade está dividida en accións.
  - Cooperativas: propiedade colectiva dos traballadores.
- **A procedencia do capital:**
  - Públicas: do Estado
  - Privadas: de particulares

CC BY NC SA

3.2. Estado

O Estado (sector público) ten, ademais de producir e consumir, unha serie de importantes funcións na economía:

- Recada impostos:
  - Directos, que pagan os cidadáns con respecto ó seu nivel de riqueza, coma por exemplo o imposto de sociedades (para empresas) e o IRPF: Imposto sobre a Renda das Persas Físicas (para traballadores)
  - Indirectos, que pagan os cidadáns ó consumir bens e servizos, coma por exemplo o IVE: Imposto sobre o Valor Engadido

- Fixa as leis que regulan a actividade económica.
- Redistribúe a riqueza.
- Ofrece bens e servizos públicos: sanidade, educación, cultura, investigación…

3.3. Consumidores

Os consumidores/as mercan os bens e servizos co obxectivo de satisfacer as súas necesidades. No consumo inflúen:

- ✓ Os ingresos do consumidor e a riqueza do país.
- ✓ O prezo dos bens e servizos.
- ✓ Os impostos.
- ✓ …

CC BY NC SA

4. FACTORES PRODUTIVOS.

Os factores produtivos son todos aqueles recursos necesarios no proceso de produción dun ben ou servizo: recursos naturais, traballo, capital e tecnoloxía.

4.1. Recursos naturais.

Os recursos naturais son os elementos da natureza (materias primas) que se poden empregar na produción de bens e servizos (auga, alimentos, minerais, bosques, …)

A economía actual enfróntase a un grave problema: a explotación racional dos recursos e a procura de fontes de enerxía alternativas, debido a que hai recursos naturais de 2 tipos:

- Renovables: non se esgotan coa súa utilización.

- Biomasa: bosques e madeira, produtos da agricultura.
- Auga
- Enerxía hidráulica .
- Radiación solar.
- Vento
- Ondas mariñas
- Enerxía Xeotermal
- Peixes

- Non-renovables: aqueles que se esgotan coa súa utilización, xa que as súas reservas (stock) son limitadas:

- **Petróleo, carbón, minerais, metais, gas natural**

4.2. Traballo

O traballo é o esforzo (físico e intelectual) que realiza o ser humano na produción de bens e servizos a cambio dun salario.

A forza de traballo é, no sistema capitalista, unha mercadoría que depende da lei da oferta e da demanda. De feito, é unha das variables que inflúen no prezo final do ben ou servizo produtivo. No sistema económico globalizado os custos salariais son un elemento máis que fai que unha empresa sexa ou non competitiva en prezos. E isto fai que grandes multinacionais leven a súa produción a países nos que os traballadores teñen menos protecciónsociais e legais, e xa que logo, salarios máis baixos. É o fenómeno da deslocalización industrial. Para comprobalo só tes que mirar o lugar de produción de moitos artigos de grandes empresas que están á venda nos comercios de todo o mundo: made in Thailandia, Marrocos, India, China …. É un dos efectos da globalización.

Ademais da falta de protección social e legal en moitos países, á parte do desemprego, outros problemas no mundo laboral son:

- **O traballo infantil**, fundamentalmente nos países subdesenvolvidos, nos que a explotación de nenos no campo e en talleres artesanais ou mesmo industriais é moi común. Segundo os datos de Unicef, no mundo hai 352 millóns de nenos e nenas entre 5 e 17 anos traballando. Deles, 180 millóns sofren explotación (traballos perigosos, escravitude ou servidume, traballos forzados ou mesmo explotación sexual) Case o 100% viven en países pobres.
- **O traballo feminino**: A muller está en desigualdade con respecto ao home no mundo laboral, e non só nos países subdesenvolvidos. En Europa, por exemplo, unha muller recibe un salario por hora aproximadamente un 16% inferior que un home e un 15% en España (datos Eurostat). Iso é como dicir que unha muller -en Europa!! – traballa aproximadamente 2 meses gratis de media con respecto ao home. As causas son múltiples: a muller traballa en sectores menos remunerados, ten traballos a tempo parcial (non ten tempo suficiente debido ao coidado dos fillos e familiares dependentes, ademais do traballo da casa), tópase co denominado "teito de cristal" que impide o seu desenvolvemento profesional relacionado coa discriminación dunha sociedade historicamente patriarcal e machista (os roles tradicionais de xénero son un claro exemplo) …
- **A integración** laboral **das persoas con dis-capacidades físicas ou psíquicas**. Se para un traballador que non ten esa eiva, xa lle é difícil hoxe en día atopar traballo, eles dependen en moitas ocasións de plans específicos dos gobernos ou accións sociais de institucións concretas, a nivel nacional como a ONCE, ou a nivel local ou comarcal como a asociación AMICOS no Barbanza. O seu futuro laboral (e persoal) é moi incerto: só 1 de cada 3 persoas con dis-capacidade ten traballo.

4.3. Capital

O capital son todos os medios utilizados no proceso produtivo:

- **Físico**: Elementos materiais (máquinas, edificios, materias primas, …)
- **Humano**: Os traballadores e a súa preparación e cualificación, estreitamente ligadas á produtividade (produción por unidade de traballo humano)
- **Financeiro**: Diñeiro necesario no proceso produtivo (para mercar materias primas, pagar ós empregados, a enerxía consumida, …..)

CC BY NC SA

4.4. Tecnoloxía

A tecnoloxía é o conxunto de coñecementos técnicos e métodos que permiten construír obxectos e máquinas usados para producir. Unha empresa que queira ser competitiva ten que utilizar a tecnoloxía máis avanzada: producir máis e mellor,cun custo menor, aumentando así a produtividade.



5.- SISTEMAS ECONÓMICOS

Para definir un sistema económico deberiamos responder a unha serie de cuestións, que podemos resumir en: que , canto, como, para quen e para que producir. Un sistema económico é a forma en que as sociedades se organizan para resolver estas cuestións, cubrindo así as necesidades dos seus membros.

Os principais sistemas económicos son o de subsistencia, o comunista e o capitalista. Busquemos as súas características respondendo ás preguntas que os definen.

5.1. Sistema económico de subsistencia

A actividade económica está baseada no sector primario cunha agricultura e gandaría tradicionais, atrasadas tecnoloxicamente e cunha produtividade moi baixa. Correspóndese con países subdesenvolvidos economicamente (pobres)

QUE produce?	Produtos básicos: agricultura e recolección, gandería, caza e pesca …
CANTO produce?	A produción é pequena, o xusto para cubrir as necesidades básicas do grupo, que é pouco numeroso.
COMO produce?	Son sistemas primitivos, baseados nunha produción con escasa innovación tecnolóxica ou mesmo no troco (intercambio de produtos con outros grupos humanos) co que obteñen bens que non son quen de obter ou producir. A produtividade (a eficiencia do sistema) é baixa.
PARA QUEN produce?	A produción vai destinada ao grupo, á tribo ou comunidade, pouco numerosa xa que o excedente é nulo ou moi escaso. Deste xeito, o grupo ten un límite de crecemento demográfico.
PARA QUE produce?	A actividade económica busca supervivencia da comunidade, cubrindo as súas necesidades básicas.

5.2.Sistema económico planificado

A actividade económica planificada está dirixida e organizada polo Estado, que …

- … é propietario dos medios de produción (terra, maquinaria, capital,…) e das empresas.
- … controla o mercado, é dicir, a produción, os salarios e os prezos.
- … busca coma obxectivo a igualdade social.

Aínda que existiu desde a antigüidade, se identifica co sistema económico dos réximes comunistas da antiga URSS e os países do Leste de Europa. Hoxe en día só se aplica en países coma China, Cuba, Corea do Norte, Vietnam, Laos, aínda que están introducindo importantes cambios cara o sistema capitalista.

QUE produce?	O Estado impón os obxectivos económicos que se concretan en plans.
CANTO produce?	A autoridade política decide a cantidade de bens e servizos, controlando a produción e distribución dos mesmos.
COMO produce?	A actividade económica está protagonizada na súa fase de produción e distribución por empresas públicas. O Estado é o propietario dos medios de produción e controla o mercado. Non hai propiedade privada.
PARA QUEN produce?	O Estado decide a distribución dos ben e servizos, controlando as relacións comerciais.
PARA QUE produce?	A actividade económica busca cubrir as necesidades básicas e a igualdade social.

5.3. Sistema de libre mercado ou Capitalismo

No capitalismo a actividade económica está **regulada polo mercado**, no que libremente participan empresas e consumidores. Xa que logo, hai liberdade para producir, distribuír, mercar, vender, obter beneficios … En resume:

QUE produce? CANTO produce?	A decisión das empresas de que e canto producir depende directamente da coñecida como Lei da oferta e da demanda. Se os consumidores demanda unha maior cantidade de bens ou servizos, a produción (e os prezos) aumentará , e viceversa.
COMO produce?	As empresas privadas son as protagonistas da produción e distribución de bens e servizos. Buscan sempre a redución do custo de produción e a maior eficiencia, a través da innovación e implantación de tecnoloxía avanzada. A competitividade é crucial: poder producir e distribuír con maior eficiencia, calidade e mellor prezo fronte aos teus competidores.
PARA QUEN produce?	Prodúcese para os/as consumidores, é dicir, todas e todos aqueles que estean dispostos a mercar o que se ofrece. As consumidoras/es dependen para mercar do seu poder adquisitivo, o cal produce unha enorme desigualdade entre as diferentes clases sociais (e incluso rexións do mundo): a repartición da riqueza non é todo o xusta que se podería desexar.
PARA QUE produce?	O obxectivo principal no capitalismo é obter o máximo beneficio.

CC BY NC SA



5.4. Sistema mixto

Na actualidade o sistema económico de libre mercado ou capitalista é o máis estendido. De todos os xeitos, é imposible que haxa un sistema de libre mercado totalmente puro. O Estado, dunha maneira ou doutra, intervén na actividade económica: a actividade do sector privado está regulada e corrixida, de ser necesario (casos de crises enerxéticas como a causada pola guerra de Ucraína en 2022) polo sector público (Estado)

Poderiamos dicir que un exemplo é a construción na Europa Occidental do Estado do Benestar, que redistribúe a riqueza con axudas e servizos sociais: atención sanitaria, educación básica, vivenda, pensións …

No s XXI, aínda que predomina a economía de mercado capitalista, non hai ningún país onde se leva a cabo de xeito totalmente puro. Por exemplo, en Europa o Estado xoga un papel na economía moito maior que nos Estados Unidos de América. Por outra parte, países coma China que, en principio, teñen unha economía planificada, deixan espazo ao mercado na actividade económica.

En resume, aínda que podemos distinguir entre países con economía de mercado capitalista e países con economía planificada comunista, ningún deles ten un sistema puro, senón que misturan elementos de ambas, xogando o Estado un papel maior ou menor dependendo do país.

6.- INSTITUCIÓNS E INDICADORES

- **Institucións:**

  - **Bancos:** Gardan diñeiro dos clientes co cal fan investimentos e créditos.
  - **Bolsa:** Nela véndense e cómpranse accións das empresas que son sociedades anónimas.
  - **Sindicatos:** Organizacións dos traballadores que loitan pola mellora dos salarios e condicións de traballo, por exemplo exercendo o seu dereito á folga. Exemplos: CIG, UXT, CCOO
  - **Organizacións empresariais:** Os e as empresarias defenden os seus intereses económicos. Exemplos: CEOE e CEPYME a nivel estatal, ou tamén asociacións de empresarios a nivel local.

- **Indicadores:**

  - **PNB:** Produto Nacional Bruto (valor do producido por todas as actividades económicas dos residentes dun país nun ano, aínda que os bens e servizos se produzan no estranxeiro).
  - **PIB:** Produto Interior Bruto (valor en moeda de todos os bens e servizos producidos dentro das fronteiras dun país nun ano).
  - **Renda per cápita:** resultante de dividir os ingresos obtidos na produción económica total dun país (PIB) entre o seu número de habitantes. A renda per cápita soe ser un importante indicador do nivel e calidade de vida dos habitantes dun país e, xa que logo, da riqueza do mesmo. Por exemplo, a renda per cápita de EE.UU é de 37.000 €, a de España de 21.000 €. Etiopía ten 340 €.
  - **IPC:** Indice de Prezos de Consumo (suba dos prezos, é dicir, a **inflación**)

7 . AS GRANDES ÁREAS ECONÓMICAS.



Dependendo do grao de desenvolvemento económica, podemos distinguir grandes áreas no Planeta:

- **A Tríade:** É o conxunto das tres grandes rexións económicas máis desenvolvidas: América do Norte (EEUU e Canadá), Europa Occidental (Unión Europea, Reino Unido, Noruega, Suiza) e Asia oriental (Xapón, Corea do Sur) Son os países máis desenvolvidos, cunha produción tanto agraria como industrial baseada no uso de alta tecnoloxía e manexa o 75% do comercio mundial. A súa poboación ten un alto nivel de vida e polo tanto un elevado poder adquisitivo. Xa que logo, son os países da sociedade de consumo (…ou consumismo?): produción en masa de bens e servizos acompañada dun esforzo das empresas por comercializar os produtos (publicidade, marketing, vendas a crédito …)

Triade	Poboación	PIB Millóns $	PIB Per Capita $	IDH
EEUU	331.500.000	19.721	68.308	0,926
Unión Europea	447.000.000	18.353.000	46.888	0,896
Xapón	125.000.000	5.000.000	40.700	0,919
Corea do Sur	51.700.000	1.900.000	37.000	0,916

- **Países emerxentes:** Tamén coñecidos coma **BRICS**: Brasil, Rusia, India, China e Sudáfrica, países cunha gran extensión e número de habitantes (só entre China e a India uns 2.800 millóns de habitantes) Posúen unha enorme cantidade de recursos naturais e o seu PIB creceu enormemente nos últimos anos:

BRICS	Poboación	PIB Millóns $	PIB Per Capita $	IDH
China	1.414.350.000	14.000.000	9915	0,761
India	1.380.004.385	2.536.000	1.838	0,645
Brasil	212.559.409	1.374.00	6.462	0,765
Rusia	146.171.000	1.406.000	9.615	0,824
Sudáfrica	59.622.000	288.000	4.832	0,709

- **Países subdesenvolvidos:** países de América latina (Bolivia, Perú …), Asia (Bután, Afganistán, Bangladesh, …) pero sobre todo de África subsahariana (Congo, Senegal, Ruanda, Tanzania, Mali, Sudán, Etiopía, Somalia …). A súa actividade económica está baseada nunha agricultura tradicional de subsistencia , cun escaso peso industrial e dos servizos. O nivel de vida (e a calidade da mesma) da súa poboación é moi baixo, presentando problemas de pobreza, chabolismo, desnutrición, emigración, conflitos bélicos internos, corrupción, poboación moi xove con mínimos accesos a educación e sanidade ….

Países Subdesenvolvidos	Poboación	PIB Millóns $	PIB Per Capita $	IDH
Marrocos	36.471.000	119.870	3.200	0.686
Angola	31.825.000	89.417	2.970	0.581
Iraq	39.309.000	187.218	5040	0.674
Vietnam	96.462.000	261.921	2.570	0.704
Perú	32.500.000	228.471	6.470	0.778
Arxentina	44.938.000	451.932	11.250	0.845